




(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/12/2020 12:24:41
SAIDA **16574/20**



Reclamante: [redacted] en representación [redacted]

Expediente. Nº RSC TG 113/2020

Correo electrónico: [redacted]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [redacted] en representación [redacted]

mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 29 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [redacted] en representación [redacted] presentou, mediante escritos con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 27 e 29 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 21 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar pola que se lle concede acceso á información sobre o xefe do Gabinete da dita Consellería, relación da Consellería coa Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas (FIAPP) e viaxe de persoal Técnico da dita Consellería a Turquía.

A entidade reclamante no seu escrito do 27 de outubro de 2020, fai referencia a outros expediente de reclamación ante a Comisión da Transparencia dos que a Asociación é parte e

sobre os que xa se ditou resolución, sen alegar motivo algún de impugnación da resolución da Consellería do Mar do 21 de outubro de 2020. No escrito presentado con data do 29 de outubro de 2020, límitase a alegar que a resolución non responde á solicitude nos seu apartados que relaciona.

Segundo.- Con data do 6 de novembro de 2020, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de novembro de 2020.

Terceiro. Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 20 de novembro de 2020, a Consellería do Mar remite informe e copia do expediente, no que en síntese manifesta mediante a Resolución do 21 de outubro de 2020, a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar resolveu conceder o acceso á información á que se refería a solicitude presentada, indicando que a Consellería non subscribiu ningún acordo ou convenio coa "Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIAPP)" nin tampouco foi beneficiaria de ningún tipo de axudas ou subvencións que puidera outorgar a Consellería do Mar, e concretando na citada resolución que o Xefe do Gabinete da Consellería do Mar é persoal eventual e como tal, unicamente desempeña as funcións previstas no artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, polo que en ningún caso realiza actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

Tamén informouse ao solicitante que o Ministerio de Agricultura e Silvicultura de Turquía seleccionou á Consellería do Mar como socio na implementación do proxecto "Hermanamiento TR 16 IPA A 01 18 R-Capacitación para las organizaciones de productos pesqueros y las Direcciones Provinciales de Agricultura en línea con la Organización Común de Mercados", participando no mesmo o referido Xefe de Gabinete por parte da Consellería do Mar, sen custo algún para a Consellería. Informouse igualmente sobre os nomeamentos do xefe de gabinete, con indicación dos enderezos electrónicos onde poden atoparse ás súas retribucións e declaracións de actividade. A resolución foi posta a disposición do interesado o 21 de outubro de 2020 mediante o sistema Notifica.gal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se



toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación que consta no expediente, a resolución contra a que se reclama ten data do 21 de outubro de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 29 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

O interesado solicitou información sobre un convenio para o destino de persoal técnico a Turquía coa "Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIAPP)" e nomeamento do xefe de gabinete para a súa xestión e control e a Consellería, mediante a correspondente resolución, infórmalle que non ten suscrito ningún acordo ou convenio coa referida Fundación, e que a persoa que ocupa o posto de xefe de gabinete, realiza as funcións propias dese cargo, sen que realice ordinarias de xestión ou de

carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

De acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería do Mar respecto da información solicitada, por canto informa ao solicitante que non ten asinado convenio algún coa Fundación e as funcións que realiza o Xefe do Gabinete, e ao non alegarse nin acreditarse polo reclamante, motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede a desestimación da reclamación presentada.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED]

[REDACTED] contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar do 21 de outubro de 2020, pola que se lle concede acceso á información sobre o xefe do Gabinete da dita Consellería, relación da Consellería coa Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas (FIAPP) e viaxe de persoal Técnico da Consellería a Turquía.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:42:43 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.